

**Como corre o tempo!!!!!!!.Xa chegou Xuño e o curso está a rematar. Moi pronto volveremos a vernos pero, mentras tanto, vouvos deixar unhas actividades que probablemente sexan as últimas deste curso.UN BICAZO ENORME!!!!!!!!!!!!!!**

## **4º Primaria**

### **REPASAMOS OS COMPASES**

Toda obra musical ten unha distribución regular de sons fortes e débiles, que chamamos **pulso ou pulsación**. Na linguaxe coloquial, o **pulso** é o latido interno da música. Cando escoitamos unha canción e acompañamos de forma espontánea dando palmas cun ritmo regular, o que estamos tocando é a **pulsación**. Este pulso ou sucesión temporal de sons (fortes e débiles), aínda que non soe, ordénase na nosa mente e fainos percibir o ritmo. O **compás** é a ordenación dos pulsos fortes e débiles. Os compases máis usados están formados por dous, tres o cuatro pulsos (tamén chamados tempos ou partes).Nós coñecemos estes:

-**Dous por cuatro(2/4)**: formado por dous pulsos ou tempos, o primeiro forte e o segundo débil. Un exemplo de peza musical escrita neste compás sería “Tritsch-Tratsch-Polka”(op. 214) de Johann Strauss (hijo).

-**Tres por cuatro(3/4)**: formado por tres pulsos (forte, débil, débil).Un exemplo de peza musical escrita neste compás sería, “Vals del Ballet Coppélia” de Léo Delibes.

- **Catro por catro(4/4)**: formado por cuatro pulsos (forte, débil,débil, débil). Un exemplo de peza musical escrita neste compás sería, “Roll over Beethoven” de Chuck B.

Estes son algúns vídeos explicativos que vos poden axudar a comprender cada compás:

COMPÁS de 2/4

<https://www.youtube.com/watch?v=hsaC36-RfPc>

COMPÁS DE 3/4

<https://www.youtube.com/watch?v=-8AwvjbyT-4>

<https://www.youtube.com/watch?v=BSNhmk6jtP0>

COMPÁS DE 4/4

<https://www.youtube.com/watch?v=BSNhmk6jtP0>

Con todo isto, xa podedes rematar os exercicios das páxinas 8 e 9 do cuaderniño de fichas e.....TRABALLO REMATADO!!!!!!!!!!

Agora por si vos apetece.....

CONSTRUÍMOS INSTRUMENTOS MUSICAIS CON MATERIAL DE RECICLAXE

Para rematar, tedes aquí unhas direccións que vos poden dar ideas para construír algún instrumento musical con material que teñades por casa, pero podedes vós usar a vosa propia imaxinación. Animádevos e mandade fotos das vosas creacións.

<https://www.youtube.com/watch?v=cDGU3hQL9tY>

<https://www.youtube.com/watch?v=uDxxItlErUI>

<https://www.youtube.com/watch?v=7sUNXA4NYKI>

E.....FIN DO TRABALLO!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!



